

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº133/ Ano: 2026 / 1º xornal Mes de setembro/ Estado de problemas coas obras de Curro

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Que fermosa foto daquel día de 2011. Hai que ver como cambiou a cousa no verán do 2026. **Páx. 1**



Chan da Pólvora, Curro alto, Cucorno, e no camiño ao Faro seguen os problemas puntuais de luz. **Páx. 1**




Interesantes actividades nas illas do Parque Nacional. **Páx. 2**



Os aunienses fixeron a súa tradicional visita anual á Festa da Lanzada. **Páx. 3**



Como quedará, despois do inverno, esta corre道ira que vai de Curro ao camiño do Faro. **Páx. 2**




OBITUARIO

Deixáronnos a auniense Aurita e o amigo Penedo. Unha enorme mágoa e tristura envolve Ons. **Páxs. 4 e 6**

Fotos: Anxo Cabada e Varu Camaway



Atractiva actividade do Parque en Ons con especialista, esperemos que se manteñan en outono e inverno. **Páx. 5**



A obras de Curro no centro da polémica por falla de diálogo. **Páx. 7**

Breves:

- Ons na Memoria: familia de Carmen de Aurita. **Páx. 1**
- Artigo de Adrián Ferrer Reboiras en Oferrado.gal. **Páx. 5**
- Fotos das xuntanzas de aunienses e visitantes asiduos. **Páx. 7**



Foto: Parque Nacional. **Páx. 5**



Aínda que tivo lugar en xuño, saco agora esta foto da graduación na ESO de Cesáreo, o bisneto do Gran Cesáreo de Ons. **Parabéns.**

VOLVERON OS PROBLEMAS DE LUZ EN AGOSTO

Ao longo deste inverno, varios barrios da Illa de Ons sufriron cortes de luz, máis ou menos prolongados, sobre todo na liña que vai cara ao Faro, converténdose nun problema grave.

En todos os apagamentos, dende Parques, solicitouse a presenza dun electricista e, segundo parece, viñeron varios e ata unha empresa. Que pasaría para que non deran arranxado o tema?

Dende logo durante o mes de xullo e gran parte do de agosto, funcionou ben, o que non entendo e que, se o arranxaron antes de xullo, como volve a fallar a finais de agosto? Algo raro pasa, non creo que só sexa dos temporais que, por certo, cando fallou agora, non había tanto vento.

As preguntas son: soterrando o cable arranxarase o tema? Será verdadeiramente ese o problema? Pois leva máis de 30 anos e funcionou perfectamente con algún tema puntual.

O detalle é: Cando comezarán esas obras e canto tardarán en rematalas? O inverno está a petar na porta e, como veña como o pasado, estámosche bos!!!



ONS NA MEMORIA

A familia de Carmen de Aurita, un día de Festa dos anos 80 s.XX. Carmen o seu home Pepe e os fillos Isa e Jose. Unha pena a foto tan escura.

ACTIVIDADES DO PARQUE NACIONAL NA ILLA DE ONS

25/08/2026 – 28/08/2026

A pesar das problemáticas pola falla da Caseta de Información ao final do peirao, a carón da Praia das Dornas, Ons tivo unha boa cantidade de actividades, tendo que anotarse á porta do Centro de Visitantes e que tivo unha importante afluencia ao longo dos meses de xullo e agosto.

Houbo actividades para todas as idades e ata os guías tamén fixeron pequenas rutas por dentro do Centro de Visitantes, algo moi interesante que dá mellor vida a este espazo.


Puidemos ver, na páxina do Parque Nacional, unha interesante actividade, cun **Faladoiro** sobre as Aves Mariñas das Illas, a celebrar nas Illas Cíes a cargo do biólogo **Nacho Munilla**.

Promete ser moi interesante e, se despois hai unha saída para a súa observación contando con Nacho, a experiencia pode ser máis que suxestiva.

En Cíes celebrouse o 28 de agosto: **“Dentro da Campaña de divulgación 2025-26 para o fomento da conservación e a posta en valor dos hábitats, a biodiversidade e o patrimonio cultural, e polo fomento dun turismo de natureza sostible no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.... Dende as visitantes máis pequenas ata as maiores, houbo interese e curiosidade por coñecer un pouco mellor este espazo natural e as aves que o habitan”** Así nolo contaban na páxina web do Parque.

O Parque terá que valorar esa experiencia e, se foi positiva, **programar** para a vindeira primavera-verán, sen esquecernos do outono-inverno, experiencias como estas, con viaxes ás illas, charlas formativo-didáctica nos diferentes Centros de Visitantes das propias illas e logo un percorrido didáctico e de observación pola illa que corresponda.

De novo quero recordar que, a partir de setembro, como pasou outros anos, se acheguen a Ons investigadores de diferentes campos: estudo das bolboretas, anelamento de paxaros, novas escavacións arqueolóxicas,..., que poden ser aproveitadas para, se aínda hai veciños e visitantes, un día dar unha charla sobre a especialidade que estean a traballar e, a poder ser, unha visita ao lugar de traballo. Sería unha magnífica experiencia e para nada, penso, retrasaría o traballo destes investigadores, xa que cunha persoa e nunhas horas determinadas pode realizalo sen problema






Fotos Parque Nacional Illas Atlánticas.

CORREDOIRA-ATALLO QUE DENDE A IGREXA DE CURRO SUBE CARA O CAMIÑO DO FARO.

Corredoira moi empregada para atallar, tanto veciños como visitantes e campistas. Está nunha costa pronunciada e os arranxos que lle fixeron foron puntuais para verán, cando chega o inverno, queda como se poden ver nas fotos. Levamos pedindo a busca dunha solución definitiva dende hai anos, pero esta nunca chega.

No Onstopus nº 128, pág.8 deste verán, volví a recordalo, sabendo que, cando chegara o inverno, iso converterase nunha ferverza a ras de chan que chegará ata o peirao.

Non houbo que esperar moito, o pasado mércores 26 de agosto, fixo este estrago.



Fotos da corredeira despois do pequeno temporal de choiva do mércores 26 de agosto.

UN GRUPO DE AUNIENSES CUMPLEN COA SÚA VISITA ANUAL Á ROMARÍA DA VIRXE DA LANZADA



Chegada dende Ons dos aunienses a Portonovo no barco “Jarulo de Ons” da empresa Nabia.

Ao chegar ao lugar da romaría, foron recibidos pola Banda de Música de Sanxenxo.



Paseando polas inmediacións da ermida atopamos a máis aunienses que non perden o costume de ir a esa romaría.



Despois da visita á capela, escoitar á banda de música e pasear polos lugares máis emblemáticos da zona., foto de familia coa Illa de Ons ao fondo.



Rematada a visita á romaría, comezou o “vía crucis” polos distintos bares da zona. Aquí os temos no **Illa** cun saborosos callos de pincho, logo a **Zulema** onde nos deron a probar o viño do ano e por último ao **Gaivota** a degustar un magnífico albariño.



A comida toda unha exquisitez, como sempre, a base de tosta de lacón, calamares e un riquísimo cordeiro.



Dous antigos amigos que se atoparon, Quin e Cesáreo.



Non falta a compra de rosquillas e outros produtos, visitando á vez todos os postos de venda, botando en falta as típicas sandías.

Rematada a visita as parroquias enogastrómicas da zona, dirixímonos ao Mesón “Nova Ponte” en Major, Noalla para o xantar, onde o seu dono **Fernando**, tiña a mesa reservada para a “**Comitiva Diplomática da Illa de Ons**”. Todo un detalle.



Chegou o intre da despedida. Todos os aunienses regresaron a Ons cargados. Páx. 3

FALECEU AURITA, fóisenos unha importante matriarca auniense

AURITA REIRIZ OTERO

Aurita era a máis representativa da auténtica muller auniense. Traballadora incansable, nai exemplar, servizal, acollidora,..., as portas da súa casa sempre estaban abertas e eras ben recibido.

A súa laboriosidade comezou dende moi nena, ao ser a única muller de seis irmáns nos difíciles tempos da posguerra e nunha illa falta de todo tipo de servizos.

Casou nova e todo aquilo que vivira e aprendeu da súa nai, tivo que desenvolve-lo na súa nova vida de casada, logrando erguer unha familia con seis fillos.

A vida en Ons non era doada, pero todo o facía con entusiasmo e cunha perseveranza e aptitude digna de eloxio. O seu sorriso nunha desaparecía da súa faciana.

Eu tiven a sorte de vivir na casa nº 35 do meu homónimo Celestino, no barrio do Caño, tendo ao meu carón as vivendas de Aurita, de Juana (a súa nai) e Lucía (a súa cunhada), para min foron como unhas nais, durante os meus primeiros 15 anos en Ons.

Aurita deixa un enorme legado na Illa, que herdou a súa filla Carmen. Seguro que nesta nova viaxe que comezou ocupará un posto no máis alto.



Aurita á dereita, na súa casa de Caño xunto á súa nai Juanita, e os seus fillos Arturo e Camilo.



Dúas familias (cunhados, Manolo e aurita eran irmáns) do barrio de Caño: Aurita-Ramiro e Manolo-Lucía Xunto a Aurita, o seu fillo pequeno, Alberto.



-Aurita e a súa nai Juanita.
-Aurita e Tinón, nunha recente foto.



Moito poderíamos aprender de Aurita, foi agricultora, percebeira, axudante do Faro, andou ás algas,..., cantareira. Aquí a temos cortando porcións de xabón que ela mesma fabricou. Todo un mundo de sabedoría da Cultura Popular Auniense que ninguén aproveitou.



Aurita preparando o forno para facer pan, empanadas e sobremesas.



Cando Fraga nos roubou a Illa de Ons

Opinión

@oferrado.gal

—
“Ons non é só unha illa, é sentimento, memoria e identidade.

É a historia de xentes que loitaron, traballaron e coidaron dela durante xeracións, e que hoxe seguen loitando para que a súa comunidade non desapareza.

Porque Ons forma parte de nós, e nós sempre seremos de Ons”

Adrián Ferrer

@adriferre_ons



Moi interesante o artigo que o auniense Adrián Ferrer Reboiras publica en [oferrado.gal](https://oferrado.gal/ando-fraga-nos-roubou-a-illa-de-ons) Importante neste momento que a veciñanza auniense está a vivir uns momentos de loita e reivindicación dos seus dereitos. Recomendo a súa lectura.

<https://oferrado.gal/ando-fraga-nos-roubou-a-illa-de-ons>

ACTIVIDADES DO PARQUE NACIONAL EN ONS

(11/09/2026)

Comentabamos na anterior páx. 2 a importancia de realizar actividades con monitores especializados en temáticas diversas no Parque. Munilla fíxoo en Cíes o pasado mes de agosto e agora hoxe, 11 de setembro, farao en Ons.

Así o anuncia o xoves 10 o Parque Nacional:

Coñece as aves mariñas das illas

Mañá, ás 12:30, en **#Ons** poderás coñecer máis sobre as **#avesmariñas** das **#IllasAtlánticas** nun faladoiro a cargo do biólogo Nacho Munilla.

Para máis información e inscricións, diríxete ao Centro de Interpretación do Parque, en Ons.

Campaña de divulgación 2025-26 para o fomento da conservación e a posta en valor dos hábitats, a biodiversidade e o patrimonio cultural, e polo fomento dun turismo de natureza sostible no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia. #FEDER



AGRADECIMENTO AOS SANITARIOS DESTINADOS NAS ILLAS, AO PERSOAL DO PARQUE NACIONAL E AOS INTEGRANTES DOS EQUIPOS DE SALVAMENTO

Este verán 2026 as illas do Parque (Cíes e Ons) rexistraron un importante número de episodios sanitarios que podemos considerar graves, polo que houbo que solicitar axuda e traslado aos medios de salvamento, tanto por mar con Salvamar como por vía aérea polo Servizo Aéreo de Emerxencia e Gardacostas de Galicia.

A este persoal de emerxencia, así como aos sanitarios de Cíes e Ons e ao persoal de Parques, só nos queda darlle as **GRAZAS** polo labor desenvolvido, que esperamos siga levándose a cabo en veráns vindeiros.

En Ons, anos tardaron na administración en darse conta da necesidade dun Servizo Sanitario. Todos os meses de xuño durante case 40 anos o solicitabamos (só hai que mirar hemeroteca) ata que en 2010 Parques, por medio do seu Director, por fin, Ons contou cun Posto de Primeiros Auxilios que foi mellorándose ata que, tamén por fin, dende hai 4-5 anos este Servizo e Permanente durante o verán. Grazas. Páx. 5

DEIXOUNOS “ÓSCAR PENEDO”, OUTRO GRAN CAMAWUAIANO

(01/09/2026)



Penedo no chiringuito de Areas dos Cans (Ons) co seu djembé, animando como sempre calquera reunión.



O artesán Choto, estaba de aniversario, e varios músicos non dubidaron en armar unha pequena Festa con instrumentos típicos. Penedo ao tamboril e sentada, a súa parella Cloti.

Nesta recente e preciosa foto, vemos, de esquerda a dereita: a Varu Camawey, a Candela e Penedo.

(Candela e filla dos artesáns Choto e Anne).

Era a mañá do día 1 de setembro de 2026, atopábase na Illa de Ons xunto á súa parella Cloti, cando de xeito repentino, un infarto, deixounos sen o seu sorriso, afabilidade, cordialidade,..., sen a súa música e, sobre todo, sen a súa amizade.

Anos levaba visitando Ons. A acampada de Melide (Camawey) foi o seu primeiro punto de estancia, pasando logo, cando a administración suprimiu Melide, á Acampada de Chan da Pólvora.

Era moi festeiro e un gran músico, sendo a percusión e o birimbao ou guimbarda, que a facía soar como ninguén acompañando a calquera instrumento, a súa especialidade.

Será difícil escoitar en Ons a música das gaitas, guitarras, bongós,..., sen a presenza de Penedo co seu peculiar toque de tamboril, caixa,..., ou guimbarda.

Dende onde estas, segue animando coa túa música, aos que estean ao teu lado,



Aquí temos a Penedo coa caixa, xunto a Juan coa gaita e Tinón acompañándoo na percusión.



DENDE CAMAWEY

Este setembro nos ha deixado el caballero Jedi, del Universo Camawayano de Ons. **Don Oscar Penedo**, un pilar fundamental de nuestra Orden.

Su sabiduría, educación y saber estar, han marcado nuestras vidas para siempre. Dispuesto a colaborar en cualquier momento, sin dar jamás palabra negativa, nos ha enseñado a todos con su bondad.

Tatuado queda en nuestras almas, aquel Caballero de ojos azules mar, su pasión por las sencillas cosas y la facilidad de su amar.

Te has ido por un momento, pero permanecerás en nuestras mentes, por toda la eternidad.

Varu.

A súa parella, Cloti, os seus amigos/as que a acompañaron nese triste momento,..., e os seus familiares, queren agradecer, de todo corazón, ao sanitario de garda de Ons e a todo o persoal de Parques, o seu traballo, profesionalidade e enorme cariño con que os trataron.

PERO, EN ONS, A VIDA CONTINUA



SEGUE A POLÉMINCA POLAS OBRAS DE CURRO EN ONS

En abril de 2023 sabendo que a Axencia de Turismo ía subvencionar unhas obras no barrio de Curro en Ons e que xa o Proxecto estaba entregado á Consellería, presupostado e aprobado e, que en pouco, ían comezar coas obras, a min en particular e a As. PineirÓns (como particular e grupo vinculado a Ons), puxémonos en contacto co Parque, como penso deberían facer todos aqueles que lles preocupa o futuro desta illa, para solicitar unha copia dese Proxecto, co fin de coñecelo, estudalo, avalialo, dar as nosas ideas, suxestións e alternativas a todo aquilo que, para nós, non estaba ben.

Así o fixemos, e eu en particular, debido a que dende PineirÓns preferían esperar a como se ía desenvolver o tema, fixen unha primeira entrega ao Parque coas miñas particulares ideas, alegacións, suxestións e, sobre todo, dando alternativas. Eu coidei que, coma min, as persoas e organismos con conexión con Ons (Consellería M. Ambiente, D. Xeral de Patrimonio Natural, Parques, Concello de Bueu, Asociación veciñal,...., Grupos Ecoloxistas e persoas interesadas), farían o mesmo, pero...., vexo que agora, despois de tres anos con obras, e con elas case rematadas, poñen o berro no ceo. Enténdoo perfectamente, pero coido que é un pouco tarde e as cousas xa se vían vir (antes de comezar as obras) dende que falaban de empedrar o que estaba xa ben feito ou cando comezaron a poñer pavicésped, onde estaba a idea de seguir coas rodeiras.

En Onstopus, nestes anos (2024-2026) saíu arredor de 23 veces dende o número 90 (xullo 2024), pero non notei reacción ningunha agás os faladoiros nos bares, polo que coidei que todo o mundo estaba de acordo.

De verdade que, a medida que se ían realizando as obras e, dende logo, moito antes, ningunha administración con competencias en Ons, asociacións, grupos e particulares, revisou o proxecto e fixo un seguimento del a medida que ían traballando? Pois pasaron 3 anos, e agora parece que todo non está como debería...

Coido que este tema é importante, sobre todo, porque penso que non se contou (diálogo) cos veciños en xeral (Asociación veciñal), pero sobre todo, cos negocios e cos habitantes do que eu chamo Curro Baixo (antes Centro Cívico e casas ao seu carón) que é onde se ían e están realizando o groso das obras.

Como dixen, darei a miña versión ao longo do outono en varias entregas. O que si, como podedes ver nas fotos, **non estou de acordo** con esas medidas de presión (pintadas), que non sei quen as fixo, pero seguro que recaerán as culpas sobre os veciños, que xa bastante teñen con aturar o mal funcionamento dos políticos.



En Ons predomina o bo ambiente, entre veciños e visitantes asiduos, o que provoca que a certas horas, despois de desenvolver as súas tarefas, algúns profesionais e outros de investigación ou lecer, se xunten nalgún dos bares da Illa e saboreen en camaradería algunhas viandas, con bo humor e respecto. En ocasións a música forma parte deses bos momentos, onde podemos atopar todo tipo de persoas e profesións, pois están nun momento de vacacións ou de descanso do seu traballo, pois teñen dereito a un respiro.



Na de Checho degustando un peixe porco ou no Pirata, no día do seu peche anual, cunhas tapas de polbo á feira.